



CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE Á LINGUA AZUL

No desenvolvemento da campaña de vacinación fronte á lingua azul deben terse en conta as seguintes condicións:

- Anualmente, e nun período igual ou inferior a 12 meses, realizarase en todas as explotacións bovinas, ovinas e cabrúas da Comunidade Autónoma de Galicia unha vacinación "en saba" fronte aos serotipos 1 e 8 do virus da lingua azul, que afectará a todos os animais maiores de tres meses presentes nas ditas explotacións no momento das actuacións.
- Os animais que se vacinen por primeira vez deben recibir dúas aplicacións de vacina de cada serotipo, separadas por un intervalo de 21 días como mínimo e 28 días como máximo. Os animais presentes na explotación que xa estiveran previamente vacinados recibirán no momento da campaña unha única aplicación da vacina.
- A vacinación "en saba" é realizada polos veterinarios autorizados pola Consellería do Medio Rural, sendo **totalmente gratuíta**.
- O calendario de actuacións en cada concello será o determinado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural.
- Para a execución da campaña, os gandeiros serán convocados por parte dos veterinarios actuantes polos medios habituais, ben mediante chamada telefónica, ben a través de visita previa ás correspondentes explotacións ou aldeas.
- Os titulares das explotacións están obrigados a facilitar a vacinación na totalidade dos animais a vacinar, colaborando na recollida e manexo do gando para que as actuacións dos veterinarios se leven a cabo coas debidas garantías sanitarias e de seguridade.
- A non realización da vacinación fronte á lingua azul nunha explotación á totalidade dos animais que deben ser vacinados, na data que correspondera e segundo o calendario establecido, dará lugar a restricións ao movemento de todos os animais da dita explotación ata que se complete a mesma, correndo neste caso o titular cos custos de aplicación da vacina.
- Así mesmo, o incumprimento por parte do titular en relación con calquera das obrigas de vacinación fronte á lingua azul dará lugar á perda do dereito de indemnización polos efectos causados no caso de detectarse a presenza de enfermidade na explotación.
- Os titulares que o desexen poderán solicitar que se proceda á vacinación de animais da súa explotación non vacinados, fóra das datas na que se realiza a campaña de vacinación "en saba", con motivo do traslado ou comercialización destes animais, ou co obxecto de mellorar a protección sanitaria do seu rabaño.
- A estes efectos, os gandeiros poden solicitar o correspondente servizo de vacinación por parte dun veterinario autorizado pola Consellería do Medio Rural, chamando ao Centro de Información ao Agro Galego, teléfono 902112000, debendo neste caso o titular facerse cargo dunha parte do custo da aplicación da vacina (2,60 euros). No caso de gandeiros pertencentes a Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras, estes tamén poderán requirir os servizos dos técnicos veterinarios da entidade, no caso de que esta decidira asumir esta función na campaña de vacinación.

CONDICIÓN PARA OS MOVEMENTOS DE GANDO BOVINO, OVINO E CABRÚN EN RELACIÓN COA LINGUA AZUL

1) MOVEMENTOS DENTRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Para vida e sacrificio.

- Os animais non presentarán signos clínicos de lingua azul.
- Os animais deben proceder de explotacións vacunadas.
- Nos movementos de animais de máis de 4 meses de idade para vida e dentro de Galicia non será obrigatorio que aqueles estean vacunados, pero se os mesmos van a asistir a feiras e desexa que poidan ser vendidos cara a outra Comunidade Autónoma, só poderán facelo se cumpren co requisito da vacinación.

2) MOVEMENTOS CARA A OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

2.1. CON DESTINO A CALQUERA COMUNIDADE AUTÓNOMA DA ESPAÑA PENINSULAR.

Para vida e sacrificio:

- Os animais non presentarán signos clínicos de lingua azul.
- Os animais deben proceder de explotacións vacunadas.

Ademais, para vida:

- Os animais maiores de 4 meses de idade deben estar vacunados fronte á lingua azul.

2.2. CON DESTINO ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE CANARIAS E BALEARES (ZONA LIBRE).

Para vida e sacrificio.

- Debe notificar o movemento con 48 horas de antelación.
- Os animais non presentarán signos clínicos de lingua azul.
- Os animais deben ser tratados cun desinsectante ou repelente.
- O vehículo debe ser desinsectado.

Ademais, para vida.

- Os animais bovinos e ovinos maiores de 4 meses deben estar vacunados. Se os animais foron vacunados por primeira vez, teñen que pasar 60 días dende a segunda dose de vacina aplicada, ou ben teñen que ser revisados de lingua azul ao menos 25 días despois da segunda dose de vacina, e dar resultados negativos.
- Os animais bovinos e ovinos de menos de 4 meses de idade deben ter feitas probas de lingua azul con resultados negativos.
- Os animais da especie cabrúa de calquera idade deben ter feitas probas de lingua azul con resultados negativos.

LEMBRE:

- **Considérase explotación vacunada aquela que nos últimos 12 meses realizou a campaña anual de vacinación obrigatoria, vacinándose todos os animais de máis de 3 meses presentes no momento da súa execución. No caso de non vacinar á totalidade dos animais presentes na dita campaña anual, non poderá trasladar ningún animal da explotación ata completar correctamente a vacinación.**
- **Se vai levar animais de máis de 4 meses á feira e desexa que poidan ser vendidos para vida cara a outras Comunidades Autónomas, deben estar vacunados.**
- **Se desexa vacinar algún animal fóra da vacinación en saba, pode chamar ao Centro de Información ao Agro Galego (902112000), ou solicitar o servizo ao veterinario da súa ADSG, se esta decidiu colaborar na vacinación.**

**PARA MÁIS INFORMACIÓN, DIRÍXASE Á SÚA OFICINA AGRARIA COMARCAL OU
CHAME AO CENTRO DE INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO (CIAG)**

902112000